



CIRCULAR INFORMATIVA 1/2025

1. INFORMACIÓN ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA A ASISTENCIA NOS QUEBRANTAMENTOS DE ORDES DE PROTECCIÓN

De cara a asegurar o principio de unidade letrada ás vítimas de violencia de xénero e que sexa o mesmo letrado ou letrada que asistiu a vítima na primeira denuncia e orde de protección quen tamén a asista nas posibles denuncias por quebrantamentos da orde de protección ou de afastamento, **o ICA Santiago recomenda** aos letrados e letradas do servizo de asistencia e asesoramento a vítimas de violencia de xénero que durante a primeira asistencia ou orde de protección **informen a vítima** de que se ten que presentar unha nova denuncia por quebrantamento os volvan chamar para acompañala. O letrado prestará a asistencia e cubrirá un novo anexo (PR...) para xustificar a actuación.

O colexio tamén remitirá un oficio aos centros de denuncias (policía nacional e garda civil) e aos xulgados para que sigan este protocolo e chamen o avogado que figure no procedemento penal inicial ou na orde de protección e non a aquel que estea de garda.

No caso de que o letrado designado inicialmente non estea localizable ou non poida acompañar a vítima a presentar a denuncia polo quebrantamento, chamarase o avogado que figure de garda ese día.

2. XORNADA PRÁCTICA SOBRE O PROGRAMA DE XESTIÓN DA QUENDA DE OFICIO E ASISTENCIAS COLABOWEB

O vindeiro 25 de febreiro, ás 19 h, ofrecerase unha xornada práctica (presencial) no salón de actos do ICA Santiago para explicar o funcionamento do novo programa de xestión da quenda de oficio e das asistencias. Será impartida por Carlos Polo (informático do ICAS) e por Manuel Arza (secretario técnico do ICAS).

É importante asistir a esta xornada xa que nela explicaranse as distintas aplicacións e funcionalidades do novo programa de xestión: como presentar as declaracións trimestrais; que quendas están pendentes de declarar; cales están declaradas e aboadas etc. Tamén se indicará como facer cambios na ficha persoal de cada colexiado, como descargar certificados de colexiación, pases para prisión etc.

Para os colexiados e colexiadas dos partidos xudiciais que non queiran desprazarse a Santiago nesa xornada, ofrecerase en días posteriores a mesma sesión de maneira telemática por videoconferencia. Fixarase un día para cada partido xudicial para que os letrados poidan realizar preguntas e resolver dúbidas. A data da sesión será concertada cos delegados dos partidos.